

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de decembro de 2013**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que terá lugar o xoves, 26 de decembro de 2013, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

1.-Resolución da reclamación presentada e aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº 5 do ano 2013.

2.-Resolución das reclamacións presentadas e aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio 2014 e as bases para a súa execución.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

3.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pobra do Caramiñal para financiar a obra de rehabilitación do Teatro Cine Elma. Cuberta e reforzo estrutural.

4.-Aprobación da corrección do erro producido en acordo plenario do 26 de outubro de 2012 relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade ASPACE (Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral) para o financiamento da obra de adaptación do Pavillón do Centro de Atención Integral para persoas con parálise cerebral en Osedo (Sada) e ratificación do convenio asinado o 4 de decembro de 2012.

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Melide para o financiamento das obras de vestiarios no campo de fútbol municipal.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para o financiamento das obras de reforma e reparación da piscina cuberta A Barcala.

7.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Obradoiro Club Amigos do Baloncesto para financiar a participación en competicións oficiais e actividades de promoción do baloncesto no ano 2013.

8.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba para financiar a adquisición do equipamento para o salón cultural da vivenda comunitaria.

9.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

10.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para financiar a adquisición e posterior cesión dun vehículo 4x4.

11.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Ribeira para financiar o proxecto Pista de Xeo.

12.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza para financiar as actividades de animación na rúa no Nadal de 2013.

13.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, para financiar as actividades do “Fórum Gastronómico Coruña 2014”.

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN  
PLENO DO 26 DE DECEMBRO DE 2013**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de decembro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON DIEGO CALVO POUSO PP

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:**

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

## **1.-RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5 DO ANO 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

### ***“I.- ANTECEDENTES:***

Por acordo do Pleno da Deputación provincial aprobouse inicialmente o Expediente de modificación de créditos nº 5/2013, na sesión ordinaria que levou a cabo o día 25 de outubro de 2013.

O devandito acordo foi exposto ao público mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, do 26 de novembro de 2013, de conformidade co disposto na normativa de aplicación.

Durante o período de exposición pública presentouse unha única reclamación suscrita por D. Ángel García Seoane, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de Oleiros (A Coruña).

Aínda que no escrito presentado a solicitude primeira refírese ao Expediente de modificación de créditos número 4 de 2013, o certo é que o apartado inicial que se encabeza con DIGO está referido ao Expediente de modificación de créditos número 5, de 2013, de competencia do Pleno e a este último refírese o expediente administrativo tramitado e a presente proposta de acordo ao Pleno provincial.

Con motivo da reclamación presentada solicitáronse, e incorporáronse ao expediente diferentes informes dos Servizos provinciais.

### **II.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS**

Á vista da documentación que integra o expediente procede efectuar as consideracións que a continuación se expoñen:

PRIMEIRA: A través do Expediente de modificación de créditos citado dáse aplicación ao financiamento dispoñible que ascende a 5.159.199,34 €

O devandito importe correspóndese coas seguintes fontes de financiamento:

- a) Aplicación parcial do remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2012: 1.800.000,00 €

b) Baixas por anulación fondo de continxencia: 3.135.000,00€

c) Baixas por anulación xuros de préstamos: 224.199,34€

O financiamento expresado destínase a financiar os seguintes obxectivos:

- a) Reducir o endebedamento neto, 1.800.000,00€, para dar cumprimento ao mandato imperativo contido no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que é do seguinte teor literal:

*“No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o endebedamento neto. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema.”*

b) A dotacións necesarias para atender a servizos públicos provinciais e de entidades sen ánimo de lucro: 113.031,54€

- c) A establecer os créditos orzamentarios que permitan tramitar subvencións correntes e de capital a concellos, consorcios ou outras entidades públicas ou privadas por importe de 341.000,00 € e 2.905.167,80 € respectivamente.

En todo caso estas dotacións non xeran compromiso ningún e debe procederse posteriormente á tramitación oportuna para a súa aplicación e eficacia. Esta circunstancia é consecuencia de diferentes preceptos de xeral e ineludible aplicación entre os que hai que sinalar os artigos 173.1 e 184.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/82004, do 5 de marzo:

***“Artigo 173.1 Esixibilidade das obrigacións, prerrogativas e limitación dos compromisos de gasto***

- 1. As obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme.***

***Artigo 184 Fases do procedemento de xestión dos gastos***

- 1. A xestión do orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases cuxo contido se establecerá regulamentariamente:***

- a) Autorización de gasto.***  
***b) Disposición ou compromiso de gasto.***  
***c) Recoñecemento ou liquidación da obrigación.***  
***d) Ordenación de pago.”***

SEGUNDA: No Expediente de modificación de créditos número 5/2013, como no Orzamento inicial do exercicio e nos distintos Expedientes aprobados se respectaron todos os trámites procedementais establecidos nas normas vixentes e constan os informes, ditames e acordos preceptivos.

TERCEIRA: Nas distintas Áreas de xestión administrativa da Deputación non consta que o alcalde-presidente do Concello de Oleiros presente ao longo do exercicio 2013

ningún proxecto de actividade ou investimento de interese público para o que solicite o financiamento provincial. Tampouco consta ningún compromiso adquirido co Concello de Oleiros que non conte coa suficiente e adecuada cobertura orzamentaria.

CUARTA: Durante o exercicio 2013 estanse tramitado as seguintes convocatorias públicas, dirixidas aos concellos da provincia:

Boletín Oficial da Provincia nº 207 do 30/10/2012

- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) ano 2013.

Boletín Oficial da Provincia nº 239 do 17/12/2012:

- Programas de apoio á cultura e o deporte, dirixido a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2013.
- Programas dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013.
- Convocatoria dirixida a concellos e outras entidades locais interesadas na realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores. Ano 2013.
- Convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2013.
- Convocatoria de subvencións dirixida a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2013.

Boletín Oficial da Provincia nº 7 do 11/1/2012:

- Bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos.

Boletín Oficial da Provincia nº 31 do 14/2/2013:

- Programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013.
- Programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013.

Boletín Oficial da Provincia nº 75 do 19/4/2013:

- Bases reguladoras do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013.

QUINTA: Distintos concellos da provincia solicitaron unha achega provincial para financiar actividades ou investimentos de indubidable interese público, de carácter singular e excepcional. A tramitación destas solicitudes deberá adecuarse aos procedementos establecidos no artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nas Bases de execución do orzamento e no acordo do Pleno da Corporación do 25 de xuño de 2012 publicado no Boletín Oficial da Provincia número 119, do 25/6/2012. En ningún caso o Expediente de modificación de créditos en tramitación pode determinar os destinos finais das dotacións nel recollidas sen a preceptiva tramitación dos oportunos expedientes administrativos. A tramitación de toda subvención, corrente ou de capital de concorrencia competitiva ou nominativa, a entidades públicas ou privadas, require a tramitación dun expediente administrativo consecuencia dunha solicitude motivada e adecuadamente documentada do interesado, que debe ser

aprobado polo órgano competente, previos os informes preceptivos e conforme as condicións e trámites establecidas.

## **ACORDO**

En virtude de canto se expuxo o Pleno acorda por unanimidade:

1º) Desestimar a reclamación presentada por D. Ángel García Seoane, Alcalde-Presidente do Concello de Oleiros (A Coruña), contra a aprobación inicial do Expediente de modificación de créditos número 5, do ano 2013, de competencia do Pleno, por non concorrer ningún dos supostos establecidos no artigo 170 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 22 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2º) Aprobar definitivamente o Expediente de modificación de créditos número 5 de 2013, de competencia do Pleno provincial.

3º) Dispor a publicación do resumo por capítulos do citado expediente no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme co establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4º) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5º) Notificar fielmente os acordos adoptados a alcalde-presidente do Concello de Oleiros para o seu coñecemento e efectos.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación contra a aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos número 5 de 2013, de competencia do Pleno, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.”

## **2.-RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2014 E AS BASES PARA A SÚA EXECUCIÓN.**



## INTERVENCIONS

### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, o Grupo Socialista vai votar a favor do ditame da Comisión, pero quixeramos facer algunhas puntualizacións, no sentido de que nos parécenos razoable algunha das alegacións presentadas por Comisións Obreiras, cremos que este non é o momento nin é o trámite oportuno para tratalas nin resolvelas, e tamén apoiamos as alegacións que presentan os veciños de Ares e o grupo do BNG de Ares, da estrada Ares a Chanteiro. É unha estrada da que falamos aquí cando se aprobaron os orzamentos, eu persoalmente incidín en que era unha estrada que estaba contemplada nas fichas de investimento para o vindeiro ano polo departamento de Vías provinciais e que entendía que aínda que se rebaixase a partida orzamentaria dedicada a vías provinciais, había vontade por parte do Goberno de abordar ao longo do ano 2014 a estrada de Ares a Chanteiro, e nese sentido sigo confiando en que esa estrada, porque xa está aprobada o 31 de xullo de 2009 aprobouse, e publicouse, o 7 de abril de 2011 publicouse o anuncio de expropiación, xa está todo o expediente culminado, e non hai ningún motivo para que se siga demorando máis, entón quería facer estas dúas puntualizacións. Que agardo que a estrada se aborde, tal como se falou no Pleno dos orzamentos, durante o exercicio 2014, e que das emendas, das alegacións presentadas por Comisións Obreiras, independentemente da razón que poida asistir ao alegante, non é esta a canle axeitada para formulala porque o orzamento non pode alterar nin modificar a natureza xurídica dos postos de traballo, nin tampouco pode modificar o complemento específico dun posto de traballo. Nada máis, moitas grazas, imos votar favorablemente, como dixeran, a resolución deste punto.

## VOTACION

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento provincial do exercicio 2014 e das Bases para a súa execución presentáronse as reclamacións que a continuación se indican:

- A Reclamación subscrita por D. Ramiro Otero Rodríguez, en representación da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia.
- B Reclamación formulada por D. Francisco A. Mayobre Toimil, D. Andrés Pedre Rodríguez e D. Modesto Vázquez López, en calidade de representantes da veciñanza de Lubre, Cervás e Chanteiro
- C Reclamación interposta por D. Emilio Mesías Farias, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ares

A continuación analízanse, pola orde expresada, as reclamacións presentadas:

## **A) RECLAMACIÓN SUBSCRITA POR D. RAMIRO OTERO RODRÍGUEZ EN REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN DE SERVIZOS Á CIDADANÍA DO SINDICATO COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA**

### **A.1).- CONSIDERACIÓN PREVIAS**

O 13 de decembro de 2013 presentáronse dous escritos subscritos por D. Ramiro Otero Rodríguez que di representar á Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato CC.OO. de Galicia (número de rexistro de entrada 73.552 e 73551). Aínda que non se achega certificación dos acordos adoptados pola sección sindical indicada para formular as alegacións contidas nos escritos de referencia e para outorgar a súa representación ao seu asinante, polo principio de boa fe, pode entenderse que a persoa asinante actúa en representación legal da sección sindical citada.

Ambos os dous escritos conteñen referencias, alegacións e solicitudes relativas a dous acordos plenarios substancialmente diferentes, cun contido e réxime xurídico propio, específico e diferenciado; adoptados en diferentes puntos da orde do día da sesión ordinaria realizada polo Pleno provincial do día 22 de novembro de 2013.

- a) Unhas consideracións, alegacións e solicitudes refírense ao punto 59 da devandita orde do día, que tivo por obxecto a reorganización 2013. Segunda fase de desenvolvemento. Cadro de persoal. Relación de postos de traballo e organigrama 2014. Este apartado foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, tras as actuacións e informes preceptivos, e foi posteriormente exposto ao público mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 226 do 27 de novembro.
- b) Outras consideracións refírense ao acordo adoptado no punto 55 da orde do día da sesión citada, que tivo por obxecto a aprobación inicial do Orzamento xeral para o exercicio 2014 e das súas Bases de execución. Este acordo foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas co contido legalmente establecido e foi posteriormente exposto ao público mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 224, do día 25 de novembro de 2013.

As consideracións, alegacións e solicitudes que se refiren á aprobación inicial do cadro persoal, a relación de postos de traballo e do organigrama para o exercicio 2014 deron lugar aos informes que se acompañan como anexo á presente proposta, emitidos pola área de Persoal e Organización e serán ditaminados na Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior conforme ás normas de aplicación na materia.

Na presente proposta analízanse, por tanto, as consideracións, alegacións e solicitudes que se refiren ao acordo de aprobación inicial do Orzamento xeral para o exercicio 2014 e das Bases para a súa execución e que será ditaminado pola

Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial e Contas, conforme as normas que constitúen o Réxime xurídico do orzamento das entidades locais.

### A.2).- ANTECEDENTES

A documentación que integra o expediente do Orzamento xeral do exercicio 2014 foi sometida ao Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria que levou a cabo o 19 de novembro de 2013.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de novembro de 2013 (punto 55 da orde do día).

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 224, do 25 de novembro de 2013 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

O 13 de decembro de 2013 presentáronse os escritos referidos no punto anterior subscritos polo representante da Federación de Servizos á Cidadanía do sindicato Comisións Obreiras de Galicia (rexistrados de entrada cos números 73.551 e 73552, respectivamente), que serán obxecto da tramitación diferenciada citada no apartado de “consideracións previas”.

En relación cos escritos presentados emitíronse os informes que a continuación se indican:

- Informes da área de Persoal e Organización do 17 de decembro de 2013.
- Informes do letrado asesor xurídico da Corporación, do 17 de decembro de 2013.
- Informes da Intervención provincial, do 18 de decembro de 2013.

### A.3).- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites establecidos nas normas orzamentarias de aplicación.
- No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigacións legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do anexo de persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Pola súa banda, a Lei xeral orzamentaria (aplicable supletoriamente en virtude do disposto no artigo 149.3 da Constitución española) sinala que as obrigacións da Facenda Pública estatal nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren e o TRLFL pola súa banda establece que as obrigacións de pago só serán esixibles cando resulten da execución do orzamento ou de sentenza xudicial firme.

O artigo 74 do Estatuto básico do empregado público aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, establece que *“As administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.”* Esta previsión é complementada polo Real decreto 861/1986 que dispón que o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que a Corporación efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias que o propio texto legal sinala, para que unha vez efectuada a valoración, o Pleno corporativo, ao aprobar a relación de postos de traballo, determine aqueles aos que lle corresponda o devandito complemento e a súa contía.

A determinación do complemento específico e a súa contía para cada un dos postos de traballo de cada ente local leva a cabo, previa a súa valoración, mediante a correspondente aprobación da súa relación, posto que é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto, segundo sinala o Estatuto básico do empregado público (artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril). Como veu indicando a xurisprudencia (SSTS 14 de decembro de 1990, 19 de decembro de 1991, 11 de marzo de 1994, 24 de xaneiro e 25 de abril de 1995) os acordos de clasificación de postos de traballo e fixación de cadros de persoal e complementos retributivos teñen natureza normativa, atendido o seu carácter ordinamental e as notas de xeneralidade, abstracción e permanencia que concorren nas relacións de postos de traballo, xa que a relación de postos de traballo e as modificacións que nela poden efectuarse, é un acto propio da administración que efectúa no exercicio das súas potestades organizatorias (TS 4ª SS. 30 de marzo de 1993 e 8 de maio de 1998 citadas na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Murcia número 919/2000, do 25 de outubro).

No estado de gastos do Orzamento recóllense estimacións de gastos por contratos ou por subvencións que deben tramitarse conforme as normas reguladoras dos contratos das administracións públicas ou das subvencións públicas, e os recursos administrativos ou contenciosos deben dirixirse contra os actos de adjudicación do órgano de Contratación ou contra os actos de outorgamento da subvención correspondente, ou contra os actos de trámite que sexan susceptibles de tales recursos, e non contra o Orzamento correspondente.

De igual modo, hase de indicar que os actos de aprobación do Orzamento provincial e de aprobación da relación de postos de traballo son substancialmente distintos:

1º) Están regulados por normas substantivas diferentes:

- Ao orzamento das entidades locais refírense os seguintes preceptos:
  - 1.- Os artigos 33.2.c), 90, 112 e 113 da Lei reguladora das bases do réxime local.
  - 2.- Os artigos 168 a 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e o Real decreto 500/1990.
  - 3.- Os artigos 2 a 23 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.
  - 4.- A Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e normas de desenvolvemento.
  - 5.- Os artigos 232 e 236 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.
- O cadro de persoal e relación de postos de traballo regúlanse nas seguintes normas:
  - 1.- Os artigos 33,90 e seguintes da Lei reguladora das bases do réxime local.
  - 2.- Os artigos 126 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.
  - 3.- Os artigos 37 e 74 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril.
  - 4.- A Lei reguladora dos órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, no que non resulta derogado pola letra c) da Disposición derogatoria única do Estatuto básico do empregado público.
  - 5.- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores.
  - 6.- Tamén deben tomarse en consideración as disposicións da Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio aplicable a todo o persoal ao servizo da Administración pública.

2º) Están sometidos a trámites e procesos propios e diferenciados, con contidos documentais e de actuacións previas específicos.

- 3º) Son, por tanto, acordos distintos, cuxo órgano competente é o Pleno corporativo, que se someten a exposición pública separadamente e son obxecto dun réxime de reclamacións e/ou recursos diferente e diferenciado.

En consecuencia, o Orzamento provincial, non constitúe a canle a través do cal se pode modificar o nivel do complemento específico dun posto de traballo, senón que ten que limitarse a ser un mero reflexo cuantitativo nas correspondentes dotacións orzamentarias de gastos das determinacións contidas na relación de postos de traballo. E é que se se chegase a utilizar a canle procedemental da aprobación do orzamento para modificar o complemento específico dos postos de traballo, o acordo que se tomase podería quedar viciado de nulidade absoluta, por prescindirse total e absolutamente do procedemento legalmente previsto para aquela finalidade, cal é a modificación da relación de postos de traballo, previa valoración dos postos.

Os motivos de impugnación do orzamento das entidades locais, como causas taxadas ou “*numerus clausus*”, impiden que poidan ser admitidos outros motivos que os anteriormente sinalados e, moito menos as consideracións de oportunidade orzamentaria ou de subxectividade persoal nun interese propio, lexítimo e respectable, pero que carece do necesario fundamento xurídico que o poida facer acollible, e que en calquera caso excede dos devanditos motivos de impugnación do acordo orzamentario.

TERCEIRO: Tamén se refiren os escritos indicados á ausencia de negociación cos representantes do persoal. Respecto diso hai que indicar que a dita negociación non pode referirse ao Orzamento do exercicio 2014 pois tal negociación non forma parte da tramitación orzamentaria. Polo que se refire á tramitación do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama para o exercicio 2014 as consideracións oportunas efectúanse no acordo plenario correspondente, cos fundamentos expostos pola área de Persoal e Organización. Aquí só queda apuntar que os documentos citados foron sometidos á consideración dos representantes de persoal nas sesións do 8 e de 15 de novembro de 2013 da Mesa Xeral de empregados públicos da Deputación da Coruña.

CUARTO: As previsións orzamentarias para gastos de persoal do exercicio 2014 xustifícanse e detallan pormenorizadamente na documentación orzamentaria a través da propostas da área de Persoal e Organización e do anexo de persoal preceptivo, conforme as normas de xeral aplicación e aos acordos e convenios vixentes e outros de carácter potestativo: retribucións básicas e complementarias, produtividade, axuda-vivenda, bolsas de estudos, acción social, promoción interna, reclasificación dos postos de traballo, seguros de vida e accidentes... En todo caso, si fose acordada algunha retribución, axuda ou compensación adicional podería ser asumida polas dotacións de postos de traballo vacantes ou a través dos expedientes de modificación de créditos que poden tramitarse ao longo do exercicio 2014, como se fixo ao longo do exercicio 2013, todo iso previa negociación cos representantes do persoal e de acordo coas normas de xeral aplicación a todas as administracións públicas.

QUINTO: A segunda alegación contida no escrito do Sindicato Comisións Obreiras refírese a distintos postos de traballo de carácter laboral que deberán ser desempeñados por persoal funcionario. Respecto diso deben significarse diversas consideracións:

- 1) No Orzamento provincial recóllese a situación xurídica actual da totalidade do persoal da Deputación, de conformidade co réxime xurídico vixente (cadro de persoal, relación de postos de traballo, acordo negociado do persoal funcionario, convenio colectivo do persoal laboral...) O orzamento non pode crear, modificar ou alterar a natureza xurídica dos postos de traballo e debe recoller a vixente en cada momento.
- 2) Como ben coñece o alegante, a Disposición transitoria segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto básico do empregado público que cita no seu escrito refírese ao “persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario”, nos seguintes termos:  
  
*“Persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario. O persoal laboral fixo que á entrada en vigor do presente Estatuto estea a desempeñar funcións de persoal funcionario, ou pase a desempeñalos en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes de dita data, poderán seguir desempeñándose”.*
- 3) Desde o punto de vista orzamentario o relevante é que estean adecuadamente dotadas as retribucións dos distintos postos de traballo pois deste xeito queda garantido o financiamento dos compromisos previsibles.

SEXTO: Tamén se refire o escrito do representante de Comisións Obreiras nas súas alegacións segunda e terceira ás dotacións orzamentarias das distintas partidas destinadas a complemento de produtividade do persoal recadador, do persoal funcionario e do persoal laboral. Respecto diso debe indicarse o seguinte:

1. O incentivo ao rendemento do persoal recadador responde ás estimacións efectuadas polos Servizos correspondentes con base na información dispoñible e a aplicación do criterio de cuantificación recollido para este concepto no vixente convenio colectivo do persoal laboral da Deputación da Coruña.
2. O importe asignado ao complemento de produtividade do restante persoal funcionario e laboral é o resultante de aplicar aos importes atribuídos no exercicio 2013 os criterios establecidos. A normativa orzamentaria contida nas Leis de orzamentos xerais do Estado non permite outra actuación ás entidades públicas incluídas no seu ámbito de aplicación ao tratarse de preceptos “básicos”.
3. As aplicacións orzamentarias en que se recollen as dotacións correspondentes responden á realidade actual plasmada no cadro de persoal e relación de postos de traballo de 2014 coa distribución que corresponde ao persoal laboral e funcionario existente xa que, noutro caso, non sería posible o seu aboamento ao persoal vinculado aos servizos provinciais na situación xurídica actual, o que suporía incumprir os compromisos adquiridos.

SÉTIMO: A cuarta das alegacións do Sindicato de Comisións Obreiras de Galicia refírese ao contido da Base 45.6 das de execución do orzamento e respecto desta deben efectuarse as seguintes consideracións:

1. A redacción da base citada non foi obxecto de modificación ningunha e mantén o mesmo texto desde a publicación da primeira norma de aplicación ditada respecto diso.
2. O anexo I do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, ao definir o grupo 1 refírese, entre outros, a “*Subdirectores xerais e subdirectores xerais adxuntos, así como calquera outro cargo asimilado aos anteriores* “ e engade que “*no suposto dos subdirectores xerais adxuntos a asimilación será acordada, no seu caso, conxuntamente polos Ministerios de Facenda e de Administracións Públicas*”.  
Na Deputación da Coruña non existen os postos de traballo citados nin os Ministerios indicados, en consecuencia, procédese á asimilación correspondente a través dos criterios propios da analogía: a competencia asúmea o Pleno corporativo a través do documento orzamentario e atribúeselle aos postos de traballo que teñen asignado o nivel de complemento de destino igual ou superior ao 28, que adoita ser atribuído aos subdirectores xerais e subdirectores xerais adxuntos nas distintas administracións públicas que teñen esta denominación para algún dos seus postos de traballo. Outra forma de proceder significaría considerar aos funcionarios da administración local de peor condición que os doutras administracións públicas.
3. Trátase dun acto favorable para o colectivo de persoal ao que se refire e cuxa aplicación non afecta a dereito singular ningún.

OITAVO: A suxestión contida na alegación quinta que formula a representación da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia deriva da aplicación do establecido en diferentes preceptos normativos básicos de carácter xeral (artigo 17 do EBEP, artigo 69.3 do Texto refundido da lei de función pública de Galicia e no artigo 3.5 do Real decreto 861/86, do 25 de abril) e vén aplicándose na Deputación de forma xeral.

A Base 45.1.b) reproduce o indicado no artigo 3 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril. En consecuencia, a interpretación sistemática das distintas normas de aplicación fai innecesario modificar a redacción citada por canto a súa interpretación e aplicación foi, é e debe ser no futuro, a que resulta das normas de aplicación xeral citadas, cando concorran as circunstancias singulares correspondentes.

## **B) RECLAMACIÓN FORMULADA POR D. FRANCISCO A. MAYOBRE TOIMIL, D. ANDRÉS PEDRE RODRÍGUEZ E D. MODESTO VÁZQUEZ LÓPEZ EN CALIDADE DE REPRESENTANTES DÁ VECIÑANZA DE LUBRE, CERVÁS E CANTEIRO**

### **B.1) CONSIDERACIÓNS PREVIAS**

O 17 de decembro tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (rexistrado co nº 74.013 o escrito asinado por D. Francisco A. Mayobre Toimil, D. Andrés Pedre Rodríguez e D. Modesto Vázquez López en calidade de representantes da veciñanza de Lubre, Cervás e Chanteiro, a través do cal se formula unha reclamación ao acordo



de aprobación inicial do Orzamento provincial do exercicio 2014 e as súas bases de execución.

No devandito escrito conclúese solicitando que no Orzamento provincial se inclúa o proxecto de ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na estrada provincial 0402, Ares-Chanteiro. Fase I, cun orzamento de execución de 1.212.735,62 €, como proxecto prioritario do Plan de investimentos en vías provinciais, do anexo de investimentos, e se consigne o crédito orzamentario necesario para a execución urxente deste proxecto.

En relación co devandito escrito emitíronse os informes que a continuación se indican:

1. Informe do xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, que conforma o coordinador dos Servizos Técnicos, do 17/12/2013
2. Informe da Intervención provincial do 18/12/2013.

## B.2) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No escrito presentado non se acredita a concorrencia de ningún do suposto taxados previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do informe emitido polo Servizo Provincial de Vías e Obras obtéñense distintas consideracións relevantes:

- Realizáronse, no ano 2012, obras de “reparación e reforzo na estrada “quedando a estrada en perfectas condicións de viabilidade”
- Os proxectos a que se fai referencia foron aprobados tecnicamente pero a súa execución require de distintas actuacións previas: actualización do orzamento de execución, dispoñibilidade dos terreos necesarios.
- En todo caso, cando sexa posible a tramitación do expediente de contratación oportuno, este poderíase levar a cabo con cargo á aplicación orzamentaria consignada no orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2014 e destinada a investimento en vías provinciais (04.01/453A/609.00) cunha dotación de 3.440.000,00€

## **C) RECLAMACION INTERPOSTA POR D. EMILIO MESÍAS FARIAS, PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) NO CONCELLO DE ARES**

### C.1) CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O 17 de decembro entrou no Rexistro Xeral da Deputación (rexistrado co nº 74.014) o escrito asinado por D. Emilio Mesías Farias, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ares, a través do cal, se formula

unha reclamación ao acordo de aprobación inicial do Orzamento provincial do exercicio 2014 e as súas Bases de execución.

No devandito escrito conclúese solicitando que no Orzamento provincial se inclúa o proxecto de ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na estrada provincial 0402, Ares-Chanteiro. Fase I, cun orzamento de execución de 1.212.735,62 €, como proxecto prioritario do Plan de investimentos en vías provinciais, do anexo de investimentos, e se consigne o crédito orzamentario necesario para a execución urxente deste proxecto.

En relación co devandito escrito emitíronse os informes que a continuación se indican:

3. Informe do xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, que conforma o coordinador dos Servizos Técnicos, do 17/12/2013
4. Informe da Intervención provincial do 18/12/2013.

## C.2) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No escrito presentado non se acredita a concorrencia de ningún do suposto taxados previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do informe emitido polo Servizo Provincial de Vías e Obras obtéñense distintas consideracións relevantes:

- Realizáronse, no ano 2012, obras de “reparación e reforzo na estrada DP 0402, Ares a Chanteiro”, cun orzamento de licitación de 355.425,52 €, “quedando a estrada en perfectas condicións de viabilidade”
- Os proxectos a que se fai referencia foron aprobados tecnicamente pero a súa execución require de distintas actuacións previas: actualización do orzamento de execución, dispoñibilidade dos terreos necesarios...
- En todo caso, cando sexa posible a tramitación do expediente de contratación oportuno, este poderíase levar a cabo con cargo á aplicación orzamentaria consignada no Orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2014 e destinada a investimento en vías provinciais (04.01/453A/609.00) cunha dotación de 3.440.000,00€

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o Orzamento do exercicio 2014 e as súas Bases de execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas nel, o que afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

## **ACORDO**

En virtude do exposto o Pleno por maioría acorda:

1) Desestimar as alegacións contidas nos escritos subscritos por D. Ramiro Otero Rodríguez en representación da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia, do 12 de decembro. por D. Francisco A. Mayobre Toimil, D. Andrés Pedre Rodríguez e D. Modesto Vázquez López en calidade de representantes da veciñanza de Lubre, Cervás e Chanteiro, do 10 de decembro de 2013, e por D. Emilio Mesías Farias, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ares, do 10 de decembro de 2013

2) Aprobar definitivamente o Orzamento provincial para o exercicio 2014 e as Bases para a súa execución.

3º) Dispor a publicación do resumo por capítulos do Orzamento provincial para o exercicio 2014 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4º) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5º) Notificar fielmente os acordos adoptados ao representante da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia, a D. Francisco A. Mayobre Toimil, D. Andrés Pedre Rodríguez e D. Modesto Vázquez López en calidade de representantes da veciñanza de Lubre, Cervás e Chanteiro, e a D. Emilio Mesías Farias, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ares, para o seu coñecemento e efectos.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento provincial do exercicio 2014 e das Bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.”

### **3.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR A OBRA DE REHABILITACIÓN DO TEATRO CINE ELMA. CUBERTA E REFORZO ESTRUTURAL.**

## INTERVENCIONS

### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Para anunciar que nos imos abster nos puntos 3, 5, 6, 7, 9, 11, 12 e 13. Sen entrar en valoracións sobre os temas que se van tratar, a razón da nosa abstención é que cando o día 20 se convocaron as comisións para tratar estes temas e ditaminar estes asuntos, parte dos asuntos estaban incompletos e outros tiñan informes con reparos. Non sei se solucionaron, supoño que si, pero en todo caso, chamar a atención de que non nos gusta que se convoquen comisións informativas sen ter todo o expediente completado, non é razoable, entre outras cousas se estamos facendo unha reforma administrativa para que funcione mellor a administración, é para que funcione mellor e non peor. Entón ímonos abster neses puntos pola razón que expuxen, que os informes estaban incompletos e que había informes con reparos e o rogo de que non se converta isto nun hábito de funcionamento da Deputación e que cando se convoque unha comisión teñamos todos os expedientes completados.

### Sr. Presidente

Estaba consultando que a día de hoxe xa estaban todos, eran pequenos detalles que faltaban, e o que si quería era levarlos para o orzamento deste ano.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución de reposición, cuberta e reforzo estrutural de rehabilitación Teatro Cine Elma, Pobra do Caramiñal, cunha achega de 200.000,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 96,92 %) sobre un orzamento subvencionable de 206.339,11 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/334F/76201, todo iso condicionado á aprobación definitiva polo Pleno da Deputación provincial do expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma e de cesión de titularidade ao Concello de Pobra do Caramiñal, e cuxa aprobación inicial efectuouse mediante acordo do Pleno da Deputación con data do 25 de novembro de 2013 ( BOP nº 231 do 4 de decembro de 2013 )

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REPOSICIÓN, CUBERTA E REFORZO ESTRUCTURAL DE REHABILITACIÓN TEATRO CINE ELMA. POBRA DO CARAMIÑAL**

A Coruña, do 2013

### Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello da Pobra do Caramiñal, D. Isaac Ventura Maceiras Rivas

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### MANIFESTAN

1. O Cine Elma está situado na Pobra do Caramiñal. O autor do proxecto foi o arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez (1952), sendo inaugurado o Teatro no ano 1953.
2. O edificio está na esquina da rúa peonil Rafael Calleja e a rúa Fernández Varela na Pobra do Caramiñal (A Coruña) nunha parcela dentro da zona urbana.
3. As características tipolóxicas do edificio actual son as seguintes:

Tipoloxía do edificio segundo seu uso	Edificio público
Situación respecto aos edificios lindeiros	Con dúas ou máis edificacións lindeiras e/ou medianeiras
Número de plantas sobre rasante	Tres e unha planta baixo cuberta
Número de plantas baixo rasante	0
Altura sobre rasante (m)	10
Profundidade baixo rasante (m)	0

4. O edificio é unha construción moi estimable, como arquitectura racionalista, de autor, representativa en Galicia de movementos internacionais de vangarda da metade do S. XX
5. A Deputación Provincial da Coruña, mediante Resolución da Presidencia nº 19183 do 12 de novembro de 2001 aprobou a adquisición mediante a compravenda do citado edificio no prezo de 47.582.540 ptas. equivalente a 285.976,82 €
6. A escritura de compravenda foi outorgada ante o notario da Pobra do Caramiñal D. Juan Ramón Furrasola González, notario do Ilustre Colexio da Coruña, con residencia en Noia, como substituto do notario D. Víctor José Peón Rama, notario con residencia na Pobra do Caramiñal, o día 16 de novembro de 2001, co número de protocolo 1.076. Na escritura interviñeron D. José Luis Escurís Villa e D. Víctor Losada Valín en representación da sociedade Villaval Inmobiliaria, S.L. na súa condición de dono do Cine Elma e a Deputación da Coruña, como compradora, representada polo seu entón presidente D. José Luis Torres Colomer.
7. O Cine Elma figura no inventario de bens da Deputación da Coruña co nº 67. Con natureza xurídica de dominio público. Servizo público.
8. O Cine Elma figura igualmente inscrito no rexistro da propiedade de Noia como propiedade da Deputación (tomo 875, libro 99, folio 217, alta 10 e predio 4254.0)
9. A referencia catastral é 5173101NH0157S00010Y

10. O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 25.11.2013 adoptou o seguinte acordo:

- A) *“Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma propiedade desta Deputación sito na Pobra do Caramiñal cualificado no inventario de bens como dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de titularidade ao Concello de Pobra do Caramiñal.*
- B) *Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes, a contar desde a publicación no BOP.*
- C) *Transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.*

*D) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade e simultanear a exposición pública do expediente de desafectación, coa exposición pública do expediente de cesión mediante anuncio que se ha publicar no BOP durante o prazo indicado no apartado B.*

*As condicións de cesión son as seguintes:*

- 1. Que o edificio Cine Elma se dedique a actividades de cine, teatro, conferencias, exposicións e calquera outra actividade cultural compatible coa súa natureza, durante o prazo indicado no seguinte apartado.*
- 2. Que non se poida desafectar nin allear nun prazo mínimo de 30 anos.*
- 3. O Concello de Pobra do Caramiñal facilitará á Deputación o uso gratuíto do inmovible ata un máximo de 15 días ao ano nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas institucións e durante o prazo establecido no apartado primeiro.*

*No caso de incumprimento de calquera das condicións, o citado ben reverterá á Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.*

*Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación e previa aprobación definitiva do expediente de desafectación.”*

11. No BOP nº 231 de 04.12.2013, expúxose ao público o citado expediente.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Pobra do Caramiñal en mellorar e pór en valor esta infraestrutura cultural a o servizo dos cidadáns, ambas as dúas partes

#### **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pobra do Caramiñal con CIF P-1506800J para o financiamento das obras incluídas no proxecto básico e de execución de reposición cuberta e reforzo estrutural de rehabilitación Teatro Cine Elma, que aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Hildegard González-Cebrián Fernández de Caleyá.

2- O Concello de Pobra do Caramiñal, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Pobra do Caramiñal, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta, así como as condicións de cesión establecidas no acordo plenario da Deputación do 25.11.2013.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____	143.301,00 euros
Gastos xerais 13,00%_____	18.629,13 euros
Beneficio Industrial 6,00 % _____	8.598,06 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____	35.810,92 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	206.339,11 euros

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000, euros** o que representa unha porcentaxe de **96,92%**.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/334F/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Pobra do Caramiñal de

que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Pobra do Caramiñal o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Pobra do Caramiñal axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da Pobra do Caramiñal estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Pobra do Caramiñal pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación



- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Pobra do Caramiñal, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Pobra do Caramiñal na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Pobra do Caramiñal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Pobra do Caramiñal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES

antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Pobra do Caramiñal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Pobra do Caramiñal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Pobra do Caramiñal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Pobra do Caramiñal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Pobra do Caramiñal poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Pobra do Caramiñal queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Pobra do Caramiñal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014**.

2. Para o caso de que o Concello de Pobra do Caramiñal non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Pobra do Caramiñal perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Pobra do Caramiñal, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 20 de decembro do 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE POBRA DO  
CARAMIÑAL

DIEGO CALVO POUSO

ISAAC VENTURA MACEIRAS  
RIVAS”

**4.-APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DO ERRO PRODUCIDO NO ACORDO PLENARIO DO 26 DE OUTUBRO DE 2012 RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASPACE (ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL) PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ADAPTACIÓN DO PAVILLÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL EN OSEDO (SADA) E RATIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO O 4 DE DECEMBRO DE 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “Rectificar o erro de transcripción padecido no acordo do punto 5 do Pleno do 26 de outubro de 2012 que aprobou a modificación da subvención e o texto do convenio coa entidade ASPACE para financiamento da obra de adaptación do pavillón do centro de atención integral para persoas con parálise cerebral en Osedo-Sada no sentido seguinte:
- Onde di: ...Achega máxima da Deputación de 18.880 euros, que supón o 79,467% do orzamento subvencionado o orzamento total é de 22.500 euros
- Debe dicir: ...Achega máxima da Deputación de 117.497,13 euros, que supón o 20,25% do orzamento subvencionado o orzamento total é de 580.467,15 euros.
- Ratificar a aprobación do texto do convenio 286/2012 asinado o 4 de decembro de 2012 coa entidade.”

**5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

## **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun Convenio de Colaboración co Concello de Melide para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Melide
DENOMINACIÓN DA OBRA	Vestiaros no campo de fútbol municipal.
ORZAMENTO DO PROXECTO	87.481,93 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	69.985,54 €
ACHEGA DO CONCELLO	17.496,39 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/342A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

#### **REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra. María Ánxeles Vázquez Mejuto, alcaldesa do Concello de Melide

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Melide ambas as partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## **I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Melide, para o financiamento das obras de **“VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. Jacobo Fernández Malde.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, indícase do seguinte xeito:

P.E.M :	60.755,56
GASTOS XERAIS:	7.898,22
BENEFICIO INDUSTRIAL:	3.645,33
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	15.182,81
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	87.481,93

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 69.985,54 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de

redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/342A/76201, unha vez que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 4/2013, no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma



que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de

mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de \_\_\_\_\_ data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

A ALCALDESA DE MELIDE

Diego Calvo Pouso

María Ánxeles Vázquez Mejuto”

**6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E REPARACIÓN DA PISCINA CUBERTA A BARCALA.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cambre para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cambre
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reforma e reparación de piscina cuberta A Barcala
ORZAMENTO DO PROXECTO	319.669,42 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	240.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	79.669,42 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	75,08%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0501/342A/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E REPARACIÓN DE PISCINA CUBERTA A BARCALA**

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

**REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Don Manuel Rivas Caridad, alcalde presidente do Concello de Cambre.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cambre ambas as partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre con CIF P1501700G para o financiamento das obras de “ REFORMA E REPARACIÓN DE PISCINA CUBERTA A Barcala”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Don RICARDO BLANCO CHAO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións

administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. : 222.008,07

GASTOS XERAIS : 28.861,05

BENEFICIO INDUSTRIAL : 13.320,48

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : 55.479,82

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : 319.669,42

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como defínese na cláusula anterior, cunha achega máxima de 240.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 75,08 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,08 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/342A/76201. A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, a aprobación

deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2014, e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución



- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe abonado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDAD BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso..

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial se determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VIN.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada á devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data de de 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CAMBRE

Diego Calvo Pouso

Manuel Rivas Caridad"

#### **7.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OBRADOIRO CLUB AMIGOS DO BALONCESTO PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO BALONCESTO NO ANO 2013.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder ao Obradoiro Club Amigos Baloncesto unha subvención nominativa por importe de **62.800 €**, para financiar a *Participación en competicións oficiais e actividades de promoción do baloncesto no ano 2013*, cun orzamento de 78.500 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar a vixencia do convenio á existencia de crédito no exercicio 2014

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto para financiar a *Participación en competicións oficiais e actividades de promoción do baloncesto no ano 2013*.**

Na Coruña, o

### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Raúl José López López, presidente do Obradoiro Club Amigos del Baloncesto, en adiante Obradoiro CAB

### **MANIFESTAN**

Que ambas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que o Obradoiro CAB é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

Que o Obradoiro CAB ten os seguintes equipos inscritos na Federación Galega de Baloncesto, que participan nas distintas competicións oficiais: Preminibasket (Benxamín), Minibasket (Alevín), Infantil, Cadete, Junior e Senior.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro CAB, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro CAB (CIF:G15027402) para

financiar a **Participación en competicións oficiais e actividades de promoción do baloncesto no ano 2013.**

## II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Obradoiro CAB desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Participación en competicións</b>	
Persoal	14.000,00 €
Arbitraxes	4.000,00 €
Inscripcións e licenzas	6.000,00 €
Desprazamento de equipos	9.000,00 €
Equipación equipos	11.000,00 €
<b>Campus</b>	
Material deportivo	17.000,00 €
Desprazamentos	3.000,00 €
Seguros	600,00 €
Persoal técnico	2.800,00 €
Vixilancia	3.700,00 €
Material gráfico	1.400,00 €
<b>Clinic adestradores</b>	
Viaxes relatores	3.000,00 €
Audiovisuais	3.000,00 €
<b>Total</b>	<b>78.500,00 €</b>

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **62.800 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Obradoiro CAB obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Obradoiro CAB.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Obradoiro CAB, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Obradoiro CAB.



## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao Obradoiro CAB logo de terse presentado a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Obradoiro CAB, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Obradoiro CAB deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Obradoiro CAB para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Obradoiro CAB da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Obradoiro CAB na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Obradoiro CAB terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Obradoiro CAB deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Obradoiro CAB destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Obradoiro CAB deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Obradoiro CAB poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Obradoiro CAB queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Obradoiro CAB serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva

finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Obradoiro CAB será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013 , sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2014**.

2.- Previa solicitude do Obradoiro CAB, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **8.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O SALÓN CULTURAL DA VIVENDA COMUNITARIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

**“1.- Conceder ao Concello de Santa Comba unha subvención nominativa por importe de 10.000 €, para financiar a subministración de equipamento para o acondicionamento do Salón Cultural da Vivenda Comunitaria, cuxo orzamento acada a cantidade de 12.500€**

**2.-** Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento. Todo o anterior, despois dos informes da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e previo ditame da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba para financiar a adquisición de equipamento para o acondicionamento do Salón Cultural da Vivenda Comunitaria.**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. Antonio M. Landeira Gallardo, alcalde-presidente do Concello de Santa Comba, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

#### **MANIFESTAN**

**1.-** Que o Concello de Santa Comba é titular do edificio no que se atopa o Salón Cultural da Vivenda Comunitaria, que é o lugar no que se desenvolve, ao longo de todo o ano, un número importante das actividades culturais do concello.

**2.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, e o apoio aos concellos da provincia, considera a importancia

que para os veciños do concello teñen as actividades culturais que se desenvolven no centro referido no parágrafo anterior, e cuxos beneficiarios acadan un número de persoas que o concello estima en 15.000

**3.-** Que, coa finalidade de que o mencionado centro sexa o máis axeitado posible para a realización das actividades culturais dispostas e coa vontade de profundar no melloramento das instalacións e a súa adecuación á fin para as que son realizadas, o Concello de Santa Comba pretende dotar a sala mencionada do equipamento necesario.

**5.-** Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba coinciden no interese de mellorar a instalación referida, dotándoa do equipamento preciso para os fins sinalados no apartado primeiro do presente convenio.

Por todo o exposto ambas entidades

### **ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **I.- Obxecto.**

**1.-** O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba para financiar a adquisición dun pano de fondo de escenario para o amortecemento do son e dun pano para a colocación en zonas de espectáculos musicais.

#### **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santa Comba.**

O Concello de Santa Comba, contratará o subministración proposto de acordo co seguinte orzamento:

Pano de fondo de escenario con capacidade acústica e ignífuga de 280 (G200-400) para amortecemento de son e pano en zonas de espectáculos musicais (295m2)	8.942,58€
Raíl para cortina con soportes de instalación (688 m/l)	688,00€
Confeción, instalación e acabados	700,00€
IVE 21%	2.169,42€
<b>Total orzamento</b>	<b>12.500,00 €</b>

#### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración aprobada, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

**2.-** No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e da instalación do ben moble, de acordo co orzamento sinalado na cláusula primeira do presente convenio.

**4.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo, e sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no seu momento

**5.-** Tendo en conta que a achega provincial financia o 80 % do investimento, a subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Santa Comba o outorgamento do contrato de subministración e a instalación do ben adquirido

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Santa Comba axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

**2.-** Despois da adquisición e da instalación do ben, o Concello de Santa Comba deberá rotular o ben en lugar visible, de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

De acordo coa posibilidade disposta na Base 56<sup>a</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40% da achega da Deputación pode ter carácter prepagábel, de xeito que poderá ser expedido un primeiro pagamento a prol do concello de Santa Comba, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da adxudicación do contrato de subministracións, despois de que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos:
  - Persoa adxudicataria
  - Importe do contrato
  - Prazo de execución

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Despois da formalización en documento público do contrato, procederáse ao pago do 60% restante, despois de que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificación** acreditativa do pago do ben
- **Certificación** do acordo de incorporación do ben ao Inventario de Bens do Concello de Santa Comba, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de DEZ anos.
- Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe aboado con carácter de anticipo prepagable

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60%, no prazo máximo dun mes, que se ha contar desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** A adquisición e instalación do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrita na cláusula primeira deberá estar realizada polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**2.-** Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Santa Comba deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santa Comba para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.



Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santa Comba da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª<sup>6º</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Concello de Santa Comba deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Santa Comba destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santa Comba queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santa Comba serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santa Comba será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2014, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Previa solicitude do Concello de Santa Comba, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da

Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do concello de Santa Comba, nomeadas polo seu alcalde.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **9.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA FINANCIAR O XI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Conceder á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial unha subvención nominativa por importe de **25.000 €**, para financiar o *XI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, cun orzamento de 58.683,49 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar a vixencia do convenio á existencia de crédito no exercicio 2014

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o “XI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia”**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Víctor Ángel Fernández González, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detectan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1994, integrada por 45 colectivos, que ten a finalidade de incidir na defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia, así como das súas costas e ribeiras, así como de fomentar o uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a súa dinamización.

2.- Neste contexto, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial desenvolveu, no presente ano, XI Encontro de embarcacións tradicionais O Freixo-Outes 2013. Esta xuntanza é unha actividade que esta entidade vén celebrando dende o ano 1993, e que xa é considerada como a gran festa do patrimonio marítimo e fluvial.

3.- A Deputación da Coruña consciente do interese que para a zona do Freixo Outes, e a súa área de influencia, ten a celebración deste tipo de actividades cara á dinamización da zona na que este tipo de encontros teñen lugar, tanto pola súa raigame, como polas propias características da celebración á que concorren asociacións afíns tanto de Galicia, como doutras comunidades autónomas e doutros países, está interesada en colaborar no financiamento da actividade proposta, polo que ambas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (NIF: G36231561) para financiar o **“XI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia”**, que tivo lugar no Freixo-Outes do 11 ao 14 de xullo pasado, e cuxo contido foi o seguinte :

- \* Xuntanza e navegación das embarcacións no mar de Freixo.
- \* Xornadas técnicas.
- \* Exposicións, concertos e recitais de poesía.

#### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

As actividades programadas foron desenvolvidas pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial de acordo co seguinte orzamento:

*Revista Ardenti (impresión e maquetación)	3.165,91.-
*Exposición 20 anos de Encontro	3.997,52.-
*Sinaléptica de sitios e lonas	4.173,33.-
*Sabas	95,14.-
*Carpas e haimas, cadeiras, mesas, palcos, aseos	18.561,40.-
*Navegación, materias fondeo, combustible,	1.219,79.-
*Comunicación	3.225,00.-

*Ludoteca, xogos infantís e persoal especializado	500,00.-
*Comunicación	3.225,00.-
*Vixilancia nocturna	1.936,00.-
*Organización e loxística ( Seguros RC, aluguer transporte, xestión, mobiliario, traslado material e embarcacións, montaxe e desmontaxe)	15.191,74.-
*Contratación persoal xestión evento	6.174,06.-
*Indispostos	943,60.-
<b>Total</b>	<b>58.683,49 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 €, o que representa unha porcentaxe do **42,60 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **42,60%** cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponde á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, nin con calquera

outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial despois da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, desenvolvéronse nas datas sinaladas.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da sinatura do convenio e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola na documentación subministrada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á



Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2014, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013, xa que as actividades contempladas nel realizáronse no pasado mes de xullo.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **10.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN E POSTERIOR CESIÓN DUN VEHÍCULO 4X4.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO con C.I.F.: G15877228 PARA **FINANCIAR A ADQUISICIÓN E POSTERIOR CESIÓN DUN VEHÍCULO 4X4**, á citada **agrupación** cunha achega máxima da Deputación que ascende á cantidade de 40.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00 % con

respecto a un orzamento de 40.000,00 €, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0202/134A/62401

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA A ADQUISICIÓN E POSTERIOR CESIÓN DUN VEHÍCULO 4X4 á citada agrupación

Na Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil trece, na Sede Municipal

### REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, D. Francisco Dopico Amado presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

### MANIFESTAN

Por acordo plenario de 31 de xullo de 2013 ( MC 3/2013), acordouse unha subvención nominativa por importe de 40.000,00 € á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO para financiar a ADQUISICIÓN e POSTERIOR CESIÓN DUN VEHÍCULO 4X4

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme o seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO, con CIF G15877228 para a adquisición dun VEHÍCULO 4X4, que será doado pola Deputación Provincial da Coruña á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO

**SEGUNDA.-** A Deputación adquirirá conforme os trámites dispostos na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, un vehículo 4x4 con destino Á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO

**TERCEIRA.-** O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 40.000,00 euros que serán achegados na súa totalidade pola Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0202/134A/62401

**CUARTA.-** A Deputación doará gratuitamente un vehículo 4x4 á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO

**QUINTA.-** A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións.

**SEXTA.-** O vehículo 4X4 destinarase exclusivamente a fins propios da AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ número \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA AGRUPACIÓN DE  
VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN  
CIVIL DE VALDOVIÑO

Diego Calvo Pouso

D. Francisco Dopico Amado”

## **11.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO PISTA DE XEO.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA, CIF: G- 15.045.594, para o financiamento da PISTA DE XEO cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 30.000 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 57,82 % con respecto a un orzamento de 51.885 €, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481

2º.- Condicionar a aprobación do presente convenio, así como a súa sinatura, á aprobación do expediente de modificación de créditos 5/2013 dentro do cal figura incluído o crédito correspondente para o financiamento do presente convenio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO PISTA DE XEO**

Na Coruña,

### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Antonio Miranda Blanco, en representación da entidade ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

### EXPOÑEN

1.-Que a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA CIF G15045594 consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co comercio e actividades empresariais, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos encamiñados a promoción e fomento do comercio na provincia e atraer clientes e difelizar os existentes

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique publicidade, promoción e información sobre a promoción das actividades comerciais.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA CIF G 15045594, para financiar o proxecto de "PISTA DE XEO"

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO	
CONCEPTO	IMPORTE
ANIMACIÓN NAS RÚAS	1.210,00 €
CONTACONTOS	300,00€
LUDOTECA	2.000,00 €

PUBLICIDADE	3.000,00 €
PRESUPOSTO PISTA DE XEO	45.375,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>51.885,00 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 57,82 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 57,82 da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE RIVEIRA Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE RIVEIRA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACION EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados comprendidos entre o 18/12/2013 a 12/01/2014 no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con

anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIO DE RIVEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da”



**12.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN NA RÚA NO NADAL DE 2013.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a FEDERACION DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, CIF: V- 15227861, para o financiamento das ACTIVIDADES DE ANIMACION NA RÚA NO NADAL DE 2013 cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 30.000 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 66,115 % con respecto a un orzamento de 45.375 €, que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481

2º.- Condicionar a aprobación do presente convenio, así como a súa sinatura, á aprobación do expediente de modificación de créditos 5/2013 dentro do cal figura incluído o crédito correspondente para o financiamento do presente convenio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACION DE EMPRESARIOS DO BARBANZA PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE DE ANIMACIÓN NA RÚA NO NADAL 2013**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso como presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Doutra parte D. José Ramón Romero García, en representación da entidade FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA

**EXPOÑEN:**

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA consideran de grande interese para a provincia

contratar unha empresa que desenvolva as actividades de animación nas principais rúas comerciais dos concellos da demarcación territorial do Barbanza, co obxectivo de animar a actividade e o consumo dos comercios da zona.

2.-. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, CIF V15227861**, para o financiamento da “*Actividade de animación na rúa no Nadal 2013*”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Coro de Nadal itinerante e tren infantil durante 14 días (2.500 €/día) (mañá e tarde)	35.000,00 €
Publicidade da actividade (folletos, medios de comunicación)	2.500,00 €
IVE (21%)	7.875,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>45.375,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 66,115%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 66,115% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e

datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO

BARBANZA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 20 de decembro de 2013 ata o 4 de xaneiro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA FEDERACION DE  
EMPRESARIOS DO BARBANZA

Diego Calvo Pouso

José Ramón Romero García”

**13.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO “FÓRUM GASTRONÓMICO CORUÑA 2014”.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “**APROBAR** a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA ,con C.I.F.: Q6550029J para financiar AS ACTIVIDADES DO “**FORUM GASTRONÓMICO CORUÑA 2014**” cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 225.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 281.250,00 € que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/46201
- 2) **CONDICIONAR A APROBACIÓN** do presente convenio, así como a súa sinatura, á aprobación do expediente de modificación de créditos 4/2013 dentro do cal figura incluído o crédito correspondente para o financiamento do presente convenio

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para financiar AS ACTIVIDADES DO “ FORUM GASTRONÓMICO CORUÑA 2014”**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,



E doutra parte, Don Manuel Regos Boqueta, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, CIF Q6550029J**, para o financiamento das actividades do “*Fórum Gastronómico Coruña 2014*”.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Arrendamento recinto feiras Expo Coruña	40.953,00 €
Montaxe de stands e estruturas	54.000,00 €
Instalación de fontanería	7.500,00 €
Seguridade	4.500,00 €
Limpeza	12.000,00 €
Viaxes relatores prensa	11.600,84 €
Persoal auxiliar	7.200,00 €
Seguro de actividade	2.196,58 €
Cesión de marca, imaxe e traballos previos de realización	60.000,00 €
Outros gastos imputables á actividade	32.487,60 €
SUMA TOTAL	232.438,02 €
IVE 21%	48.811,98 €
<b>TOTAL</b>	<b>281.250,00 €</b>

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 225.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2014 ata o 28 de febreiro de 2014**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro do ano 2014 ata o 28 de febreiro do ano 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de marzo de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O CONSORCIO DE TURISMO E  
CONGRESOS DA CORUÑA

Don Diego Calvo Pouso

Don Manuel Regos Boqueta”

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.